

Diario da Universidade de Vigo

INICIO / A UNIVERSIDADE / COMUNICACIÓN / DUVI / A UNIVERSIDADE PARTICIPA EN BIRMINGHAM NUN ENCONTRO INTERNACIONAL PARA PROMOVER O USO DOS NANOFLUÍDOS

Interviñeron representantes de máis de 12 institucións da rede europea Nanouptake

# A Universidade participa en Birmingham nun encontro internacional para promover o uso dos nanofluídos

Avanzouse na colaboración entre institucións para a implementación destes materiais na industria

📌 ETIQUETAS: ENTIDADES COLABORADORAS | PAS | PDI | VIGO | DIVULGACIÓN | INTERNACIONAL | INVESTIGACIÓN

Neste sitio empréganse cookies para mellorar a experiencia de usuario

Coa túa navegación, prestas o teu consentimento para recibir as cookies que utiliza o Portal.

 [MÁIS INFO](#)

 [DE ACORDO](#)




Foto de familia dos participantes na xuntanza

D. BESADÍO / DUVI / 18/02/2019

A Universidade de Vigo participou este mes en Birmingham nunha das xuntanzas de seguimento da rede europea **Cost Action Nanouptake**, unha iniciativa integrada por máis de 35 grupos de investigación de 25 países, entre eles dous vigueses: Enxeñaría Solar e Refrixeración e Física Aplicada II, ao que pertence o profesor Luis Lugo, integrante do comité de xestión da rede e representante da institución académica viguesa neste encontro internacional.

O obxectivo de Nanouptake é crear unha rede europea de entidades e empresas de I+D+i para desenvolver e consolidar o uso de nanoflúidos para aumentar a eficiencia nos sistemas de intercambio e almacenamento de calor. Neste contexto, "esta reunión permitiu identificar o enfoque principal e tamén representou un paso importante na colaboración entre institucións de investigación e industrias para a implementación dos nanoflúidos na industria", apuntou xa de volta en Vigo o profesor Luis Lugo, quen tamén explicou que participaron nas diferentes mesas de traballo 12 socios que forman parte do consorcio do proxecto, incluíndo universidades, centros de investigación e empresas.

## Medio cento de artigos e presentación de nove proxectos internacionais

Transcorridos xa os primeiros dous anos do proxecto –dunha duración total de catro- durante a reunión analizouse o informe de seguimento, destacando a publicación en revistas de alto impacto de medio cento de artigos conxuntos e a presentación, tamén de forma conxunta, de nove proxectos internacionais. "Penso que estes dous aspectos son as mellores probas do éxito da colaboración entre todos os grupos que formamos parte desta Cost Action", salienta Lugo. A maiores, as e os participantes na xuntanza decidiron tamén as actividades previstas para o último período do proxecto, destacando a organización da 1ª

Conferencia Internacional Sobre Nanoflúidos (ICNf 2019) e o **2ª Simposio Europeo sobre Nanoflúidos** (ESNf2019) que se celebrará na cidade valenciana de Castelló do 26 ao 28 de xuño deste mesmo ano.

Durante a segunda parte da xuntanza, levouse a cabo unha reunión estratéxica entre o grupo Nanouptake e representantes das industrias de Arcelor Mittal (España), Plin-Nanotechnology (Grecia), JJ BioEnergy (Reino Unido) e Synano-cooling (Países Baixos). Os principais obxectivos desta iniciativa foron promover o desenvolvemento dunha axenda conxunta para acercar os nanoflúidos á industria enerxética, analizar os impactos potenciais dos nanoflúidos na saúde, a seguridade e o medio, crear novas sinerxías e fomentar a cooperación entre institucións de investigación e industrias no sector dos nanoflúidos en Europa.



∨ A Universidade

∨ Comunicación

∨ Duvi

Quiosco



**BUSCAR**

> RSS

> DUVI 2001-2007

## Outras novas no DUVI



Os equipos dos países máis descentralizados teñen máis opcións de gañar a Liga de Campións

SABER MÁIS





A Universidade presenta en Marrocos os primeiros resultados do proxecto europeo AuditUM


SABER MÁIS



A investigación en enfermaría colle impulso nas aulas

SABER MÁIS

Universidade de Vigo

 INFORMACIÓN  
+34 986 812 000  
[informacion@uvigo.es](mailto:informacion@uvigo.es)

 CAMPUS DE OURENSE

+34 988 387 102

> Campus da auga

 CAMPUS DE PONTEVEDRA

+34 986 801 949

> CampusCREA

 CAMPUS DE VIGO

+34 986 812 000

> VigoTecnolóxico

> CONTACTO

> CAIXA DE QUEIXAS, SUXESTIÓNS E PARABÉNS

> OUTRAS WEBS INSTITUCIONAIS



★ CAMPUS DO MAR

> TRANSPARENCIA

> EMERXENCIAS

> MURO SOCIAL